

1. De onde xurdiu a idea de crear Televinte?

Xurdiu de moita xente, entre eles varios profesores, en concreto 20 persoas, por iso se chama Televinte. Puxemos uns cartiños e creamos unha sociedade. O cabo de dous anos non había moitos ingresos, houbo que poñer máis "pasta". lámola pechar pero quedámonos con ela eu e outro socio que é meu marido e seguimos con ela ata o 2021.

2. En que ano se creou?

No 1998 despois veu a televisión dixital e había que participar nun concurso a nivel estatal para que deran a demarcación na que podías emitir. Pagando un canon anual vaise o concurso nacional. Pasamos a tdt pero de 30 televisións locais quedamos poucas porque é inviable e viaxamos por todo o mundo. Nos tamén facíamos investigación e agora temos unha asociación que se chama Educomunicación, trata de ensinar a aprender a ver o que hai detrás dos anuncios, do que se ve a realidade e moi diferente.

3. Que é o máis complexo de ter unha canle de televisión?

A min gustábame porque te relacionas con moita xente pero a dificultade son os cartos. Nos traballábamos dando a coñecer as tradición, a nosa zona pero o máis difícil e o diñeiro. Hai moitos cartos para os medios de comunicación pero lévana os grandes medios. Se se está vinculado a un partido político dan axudas pero...nos nunca quixemos iso porque "tes que traballar na liña deles".

4. Por que decidiches seguir ca televisión se sabías que requiría unha grande inversión?

Me parecía que podía, eu son pouco de números son máis pasional. A nivel empresarial non son o mellor referente. Eu era profesora e tiña o meu soldo e a parte a televisión, eu quería poder pagarlle o soldo os empregados (chegamos a ter 8). Eu os cartos non os necesitaba por que xa tiña o meu soldo. Para min era un *hobbie*. Economicamente era un *fiasco* pero sempre pensei que nos valorarían de outra maneira. Cheguei a conclusión que o mundo empresarial se move por "afinidades".

5. Compaxinaches o traballo na educación ca televisión.

Si, facíamos curso, aquí no instituto fixemos un curso que se chamaba "Pingueira". Participo en encontros de Educadores Estatal no Rural. Buscamos igualdade de servizos no rural.

6. Como foi a túa época como profesora?

Foi marabilloso, a educación apaixóname, empecei con nenos pequeniños, preescolar na casa, despois din clase no colexio, son de lingua (son máis de letras que de ciencias) e a última oposición que fixen foi a de orientación porque me parecía unha labor moi importante. Estiven 18 ou 20 anos dedicada a orientación antes de xubilarme.

7. *Que tal acollida te sentiches neste instituto?*

De marabilla, sentinme moi ben, coincidimos un grupo de xente nova. Podía haber escollido o Lama das Quendas pero escollín vir para este. Despois xa me xubilei sobre todo pola situación familiar e seguí con Televinte.

8. *Se tiveras que escoller entre a televisión e a educación con que te quedarías?*

E que son complementarios, non concibo unha sen a outra. Televinte tamén engloba o tema educativo, está en todo o que se fai en Televinte.

9. *Gustaríache retomalo?*

Os concellos están interesados e o proxecto está aí pero eu estou en outra fase, ca asociación Eiroá temos a canle Ribeira Sacra que é similar a Televinte pero por Internet. Televinte no caso de retomalo, eu estaría porque figuro aí pero doutra maneira.

10. *A creación da televisión é unha idea que tiñas de nova?*

Non, xurdiu por unha serie de inquietudes que eu tiña, vivindo aquí en Chantada tes que buscar a maneira de darlle vida. Eu estaba con Aula Media, unha asociación catalá e con outras relacionadas co mundo audiovisual e así xurdiu a necesidade dunha tele, era un proxecto social.

11. *Resultouche fácil a conciliación entre a maternidade, o traballo de profesora e os teus proxectos como Televinte?*

Cando se fundou Televinte os meus catro fillos xa eran maiores. O que non levei ben foi a docencia e a maternidade, non ter destino fixo e andar da ceca para a meca. Nesa época podíase botar 11 ou 12 anos provisional, cando aprobei a oposición aínda estiven 11 anos provisional. Fixen varias especialidades, din Educación Física para poder acercarme a Chantada. Cos fillos turnabámonos uns levábaos e outros quedaban. Agora as carreteiras son mellores pero daquela ir a Quiroga levaba hora e media. Vexo as miñas fillas que din que non se poden atrever a ter fillos. Naquela época éramos máis atrevidos.

12. *Mercedes, ti nunca deixaches de formarte, cóntanos un pouco sobre os estudos que realizaches.*

Eu casei moi nova, estudei en función das necesidades. Matriculeime en Filoloxía Hispánica en Santiago pero a veces había neve no Faro e non se podía pasar ben, así que, un profesor decidiu que eu non ía aprobar, que non podía estar alí. Entón fun estudar Maxisterio a Ourense e despois estudei Psicopedagogía, e despois un Máster en Comunicación e Educación na Universidade Autónoma de Barcelona.

13. *Podes contarnos como foi a túa experiencia estudando no instituto xa casada?*

Eu casei os 18 anos e os 2 meses de casarme quedei embarazada e estaba moi mal visto que unha muller embarazada fora o instituto e cando pasaba pola "Plazuela" uns personaxes dicían: "se fora para a casa atender o marido". A min aquilo dábame forzas.

Para min era un cambio moi brusco porque viña de Barcelona, alí era moi diferente pero aquí no rural estaba mal visto.

Recordo que tamén ca primeira nómina que cobrei non me querían dar os cartos no banco porque non estaba o meu marido na conta (...) e tivo que ir el a firmar.